CONCELLO DE VIGO

# Programación municipal de artes escénicas VIGOCULTURA

**FITNESS - IBUPROFENO TEATRO**
**Venres, 17 de febreiro, ás 18:00 h**
**Porta do Sol e rúa Príncipe. Desde a Praza da Princesa até a farola de Urzáiz**




*Fitness* é un espectáculo itinerante, no que a pallasa Marián Bañobre percorrerá en bicicleta o centro de Vigo, desde a Porta do Sol até o Mercado do Progreso, facendo deporte en todas as súas variedades, interaccionando e captando a atención dos transeúntes. Desde o humor e a sutileza dunha clown muda e con certo aire de misterio, ofrecerase un retrato crítico de certos clixés construídos socialmente arredor do universo feminino, relacionados coa obsesión polo aspecto físico, o coidado do corpo e a saúde, detrás dos que hai emocións máis íntimas como a autoafirmación ou a soidade.

CONCELLO
DE VIGO